

Prezadas familias:

A Comunidade Educativa do CPI As Mirandas segue traballando con esforzo para manter contacto entre todos a pesar da distancia física imposta polo COVID19 e o estado de alarma.

No día de onte saíron as instrucións para o desenvolvemento do 3º trimestre que queremos compartir, para que esteades informados e sobre todo, queremos transmitir tranquilidade porque todos poñeremos o maior empeño en que a tarefa que temos por diante saia o mellor posible.

PARA TODO O ALUMNADO

- O curso remata o 19 de xuño.
- Durante o terceiro trimestre desenvolveranse actividades de **recuperación, repaso, reforzo** e, no seu caso, **ampliación das aprendizaxes anteriores** que resulten necesarias para todo ou parte do alumnado.
- A 3º avaliación farase a partir das avaliacións anteriores e das actividades desenvolvidas durante este período, sempre que iso favoreza ao alumno ou á alumna. A **avaliación das actividades realizadas na fase non presencial só poderá ter valor positivo** para a cualificación do alumnado.
- O alumno ou alumna non poderá ver **minorados** os resultados obtidos nas avaliacións dos trimestres anteriores.
- Os centros poderán realizar actividades de avaliación do terceiro trimestre que terán en todo caso **carácter diagnóstico**, polo mesmo mecanismo co que cada centro viñese comunicándose co seu alumnado.
- A repetición de curso considerarase unha medida excepcional, que se adoptará en función da evolución académica do estudante durante os trimestres anteriores.

CONCRECIÓNS PARA O ALUMNADO DE ESO

- Ao alumnado de ESO que teña avaliacións suspensas o profesorado facilitaralle actividades que lles axuden a superar a materia.
- Para o alumnado con materias pendentes doutros cursos o profesorado facilitaralle actividades de seguemento, recuperación e avaliación das materias pendentes, e poderá ser convocado a unha proba telemática ou realización de traballos ou actividades que permitan unha avaliación obxectiva.
- Os alumnos e alumnas que promocionen sen ter superado todas as materias deberán matricularse das materias non superadas para o curso que ven, e seguirán os programas de reforzo
- Para obter a **promoción/titulación** non se terán en conta as limitacións que afecten ao número de materias pendentes.

Pregamos, se hai aínda dificultades na recepción ou entrega de tarefas, o comuniquen por correo electrónico ao cpi.asmirandas@edu.xunta.es.

Moitas grazas pola vosa colaboración e comprensión, moito ánimo e desexamos que gocen de boa saúde.

O equipo directivo